— O tipo de licitación fixa o alza polos licitadores, para cada un dos postos pechados en 150,25 €.

— O tipo de licitación fixa o alza polos licitadores, para a bancada en 9 €.

— A fianza provisional a constituír polos licitadores é do 2% do prezo base de subasta. A fianza provisional e en caso de adxudicación será do 4% do prezo de adxudicación.

Os interesados no devandito posto poderán presentar as súas ofertas en sobre pechado conforme o modelo que aparece no prego nas oficinas xerais do Concello, en horario de 9:00 a 12:00 horas de luns a venres, durante 26 días hábiles contados dende o seguinte o da publicación deste anuncio no BOP. De igual modo, as ofertas poderán ser presentadas por correo. En tal caso, o licitante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou correo electrónico a oficinas1.concellodearbo@gmail.com no mesmo día.

O expediente atópase na Secretaría do Concello a dispor dos interesados.

Arbo, 11 de abril de 2014.—O Alcalde, Xavier Simón Fernández. **2014003594**

* * *

## BAIONA

### ANUNCIO

Aprobado inicialmente por el Pleno del Ayuntamiento de Baiona en sesión de 3 de abril de 2014 la modificación de las siguientes Ordenanzas reguladoras de precios públicos:

— Ordenanza nº 1 reguladora del precio público por la prestación del servicio de ayuda en el hogar, y del servicio de tele asistencia domiciliaria.

— Ordenanza nº 2 reguladora del precio público por utilización de instalaciones, prestación de servicio y realización de actividades del Ayuntamiento de Baiona.

Se anuncia la exposición al público por un plazo de 30 días hábiles, al objeto de que los interesados que lo estimen oportuno puedan presentar reclamaciones y sugerencias a las mismas.

Baiona a 4 de abril de 2014.—El Alcalde, Jesús Vázquez Almuiña. **2014003291**

* * *

## B U E U

### ANUNCIO

Cobranza en voluntaria do Padrón Municipal da Taxa polo uso dos bens e instalacións municipais dos mercados e para os servizos inherentes referido ó 2º Trimestre de 2014002353

Aprobado mediante Resolución da Alcaldía de data 4 de Abril de 2014 o Padrón Municipal da Taxa polo uso dos bens e instalacións municipais dos Mercados e para os servizos inherentes referido ó Trimestre de 2014 exponse ó público por espacio de 15 días, a partires do seguinte día en que este Anuncio fora publicado no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións

De conformidade co previsto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 87 e 88 do Regulamento Xeral de Recadación, comunícaselles ós contribuíntes afectados que o período voluntario de cobranza do mencionado Padrón será do 21 de Abril ó 23 de Xuño de 2014, ámbalas dúas datas inclusive.

O Importe poderá satisfacer, consonte co artigo 86 e seguinte do Regulamento Xeral de Recadación a través de calquera Entidade Bancaria, empregando os instrumentos de ingreso (Recibidos), que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario.

EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

DNA.SUSANA GALLARDO FARIÑA, SECRETARIA XERAL DO EXCMO.CONCELLO DE BAIONA (PONTEVEDRA)

CERTIFICO.- Que, o Pleno do Concello de Baiona, en sesión ordinaria celebrada o día 3 de abril de 2014, adoptou o seguinte acordo:

**10.- MODIFICACION DA ORDENANZA Nº 2 REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA.**

**Polo Sr.ALCALDE sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado:**

**Votos a favor: 11 (10, PP; 1, Grupo Mixto).**
**Abstencións: 5 (3, PSOE; 2, BNG).**

---

Polo cal, o Pleno do Concello de Baiona, por maioría absoluta, **ACORDA:**

**Primeiro.- Aprobar a modificación dos artigos 6 e 7 e da Ordenanza nº 1 reguladora do Prezo Público pola prestación do servizo público de axuda no fogar e servizo de teleasistencia domiciliaria no Concello de Baiona**, ca seguinte redacción:

**ARTIGO 6. PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES.**

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

| Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata | Grao I | Grao II | Grao III |
|---|---|---|---|
| | <=20 h | <=45 h | <=70 h |
| 100,00 % | 0,00 % | 0,00 % | 0,00 % |
| 115,00 % | 4,52 % | 9,61 % | 14,70 % |
| 125,00 % | 5,41 % | 11,50 % | 17,58 % |
| 150,00 % | 5,55 % | 11,79 % | 18,03 % |
| 175,00 % | 5,65 % | 12,00 % | 18,35 % |
| 200,00 % | 5,72 % | 12,16 % | 18,60 % |
| 215,00 % | 5,81 % | 12,34 % | 18,87 % |
| 250,00 % | 6,03 % | 12,82 % | 19,61 % |
| 300,00 % | 6,24 % | 13,26 % | 20,29 % |
| 350,00 % | 6,42 % | 13,63 % | 20,85 % |
| 400,00 % | 6,54 % | 13,90 % | 21,25 % |
| 450,00 % | 6,63 % | 14,09 % | 21,55 % |
| 500,00 % | 6,70 % | 14,25 % | 21,79 % |
| >500 % | 6,76 % | 14,36 % | 21,97 % |

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.



C/ Lorenzo de la Carrera, 17 - 36300 Baiona (Pontevedra) / Telf. 986 38 50 50 / Fax. 986 35 65 97 www.baiona.org / secretaria@baiona.org

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

| % Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata | Grao I | | | Grao II | | | Grao III | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Adaptacións funcionais do fogar, podoloxia, fisioterapia. | Actividades de acompaña-mento, socialización e desenvol-vemento de hábitos saudables. | Servizo de préstamo de axudas técnicas. | Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia. | Actividades de acompaña-mento, socialización e desenvolve-mento de hábitos saudables. | Servizo de préstamo de axudas técnicas | Adaptacións funcionais do fogar, podoloxia, fisioterapia. | Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables. | Servizo de préstamo de axudas técnicas. |
| | <=15 | | | <=28 | | | <=45 | | |
| 100,00 % | 0,00 % | 12,87 % | 13,76 % | 0,00 % | 22,73 % | 24,29 % | 0,00 % | 35,51 % | 37,95 % |
| 115,00 % | 5,98 % | 13,10 % | 14,00 % | 10,56 % | 23,12 % | 24,71 % | 16,50 % | 36,13 % | 38,61 % |
| 125,00 % | 7,15 % | 13,39 % | 14,31 % | 12,63 % | 23,64 % | 25,26 % | 19,73 % | 36,94 % | 39,47 % |
| 150,00 % | 7,34 % | 13,52 % | 14,44 % | 12,95 % | 23,87 % | 25,50 % | 20,24 % | 37,29 % | 39,85 % |
| 175,00 % | 7,47 % | 13,61 % | 14,54 % | 13,18 % | 24,03 % | 25,67 % | 20,60 % | 37,54 % | 40,12 % |
| 200,00 % | 7,57 % | 13,76 % | 14,70 % | 13,36 % | 24,29 % | 25,96 % | 20,87 % | 37,96 % | 40,56 % |
| 215,00 % | 7,68 % | 13,83 % | 14,78 % | 13,56 % | 24,42 % | 26,09 % | 21,18 % | 38,16 % | 40,77 % |
| 250,00 % | 7,98 % | 13,96 % | 14,91 % | 14,09 % | 24,64 % | 26,33 % | 22,01 % | 38,50 % | 41,14 % |
| 300,00 % | 8,25 % | 14,06 % | 15,02 % | 14,57 % | 24,82 % | 26,52 % | 22,77 % | 38,78 % | 41,44 % |
| 350,00 % | 8,48 % | 14,16 % | 15,13 % | 14,98 % | 25,00 % | 26,72 % | 23,40 % | 39,07 % | 41,74 % |
| 400,00 % | 8,65 % | 14,35 % | 15,33 % | 15,27 % | 25,33 % | 27,06 % | 23,85 % | 39,57 % | 42,29 % |
| >400,00 % | 8,77 % | 14,48 % | 15,48 % | 15,48 % | 25,57 % | 27,32 % | 24,19 % | 39,95 % | 42,69 % |

**ARTIGO 7. PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA A PRESTACIÓN BÁSICA.**

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

| **CAPACIDADE ECONÓMICA** | **Participación no custe do servizo de SAF básico** |
|---|---|
| Menor de 0,80 IPREM | 0% |
| Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM | Entre o 10% e o 30% |
| Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM | Entre o 20% e o 50% |
| Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM | Entre o 40% e o 70% |
| Maior de 2,50 IPREM | Entre o 60% e o 90% |

2. Sen prexuizo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica."

**Segundo.-** Ordenar a súa publicación no BOP, a efectos do cumprimento do trámite de exposición pública.

---

E para que surta efectos onde proceda, coa salvedade do artigo 206 do ROF, expido a presente, de orde e co visto e prace do Sr.Presidente, en Baiona a vintenove de abril de dous mil catorce.

Vº e Prce.;
O ALCALDE-PRESIDENTE,

EXCMO. CONCELLO DE * BAIONA *